

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

PROGRAMACIÓN PARA O CURSO 2021/2022

IES A POBRA DO CARAMIÑAL

# Índice

1. Introducción e contextualización
2. Procedementos en caso de novo confinamento
3. A contribución da área de Lingua Francesa ao logro das competencias básicas.
4. A avaliación: a avaliación inicial, os procedementos e os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación para a ESO e Bacharelato
5. Procedemento a seguir para a etapa entre a avaliación final de xuño e a extraordinaria
6. A secuencia de obxectivos e contidos para cada curso
  - a. Secuencia de obxectivos e contidos para o primeiro curso
  - b. Secuencia de obxectivos e contidos para o segundo curso
  - c. Secuencia de obxectivos e contidos para o terceiro curso
  - d. Secuencia de obxectivos e contidos para o cuarto curso
  - e. Secuencia de obxectivos e contidos para 1º de bacharelato
7. Os estándares de aprendizaxe secuenciados por cursos e trimestres, os instrumentos, así como os procedementos de avaliación para cada estándar
8. Metodoloxía e materiais curriculares
9. Os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.
10. As medidas de atención á diversidade.
11. O programa de reforzo para o alumnado que non superara a área en anos anteriores.
12. As actividades complementarias e extraescolares.
13. O Departamento de Francés e a lectura
14. O Departamento de Francés e as TICs
15. A programación da educación en valores
16. As accións de contribución ao plan de convivencia
17. Os procedementos para avaliar a propia programación

## 1. Introducción e contextualización

O departamento de Francés para o ano 2021 / 2022 contará con dúas persoas e terá ao seu cargo 4 grupos de 1º, 3 de 2º, 2 de 3º, 1 de 4º e 1 de 1º de bac. Ao marxe da propia materia de francés, tamén impartirá a área de valores en tres grupos de 1º da ESO.

Está formado por dúas persoas que se reparten os grupos citados da seguinte maneira: O xefe de departamento, José Manuel Penedo, daralle clase aos grupos de primeiro, ao grupo de cuarto, e ao grupo de 1º de bac, mentres que Natalia Domínguez Neira, o outro membro do departamento, impartiralle clase ao resto dos grupos.

O IES Pobra do Caramiñal conta cun total de 443 alumnos, a maioría dos cales procede dun entorno socioeconómico e cultural medio, sen grandes problemas de comportamento. O Departamento de Francés impartiralle clase de lingua francesa a 209 alumnos, 140 no primeiro ciclo, 63 no segundo, e 6 en 1º de bac.

Como xa se indicou, o departamento tamén ten ao seu cargo tres grupos de 1º de ESO aos que lle impartirá a área de “Valores”, con 13, 8 e 24 alumnos.

Máis concretamente, os grupos quedan da seguinte maneira:

1º eso: 4 grupos, 83 alumnos, (24+16+22+21)  
2º eso: 3 grupos, 57 alumnos, (24+14+19)  
3º eso: 2 grupos, 45 alumnos, (28+17)  
4º eso: 1 grupo, 18 alumnos  
1º bac: 1 grupo, 6 alumnos

## 2. Procedementos en caso de novo confinamento

A pesar de que no momento no que se está a redactar este documento a epidemia de covid 19 parece estar remitindo, é necesario anticiparse á posibilidade de que a administración decida imponer un novo confinamento, polo que nese caso, este departamento estará novamente en contacto co alumnado vía telemática, utilizando fundamentalmente a plataforma “Aula Virtual” así como o correo electrónico e outras ferramentas dixitais como “Cisco Webex” para manter dentro do posible a continuidade da docencia. As actividades que se solicitarían serían similares ás que se realizarían na aula de non haber confinamento, aínda que non se levarían a cabo as probas escritas obxectivas pola dificultade de comprobar que o alumnado as fixera sen axuda. Así, en relación á avaliación, optaríase pola entrega de traballos tanto escritos como orais, fundamentalmente de reforzo e consolidación dos contidos teoricamente adquiridos, e valoraríase a posibilidade de ampliar materia.

No caso do confinamento dun grupo de alumnos, procederase de maneira similar.

## 3. A contribución da área de Lingua Francesa ao logro das competencias básicas

Non cabe dúbida de que as linguas estranxeiras contribúen notablemente ao logro da competencia lingüística pois ofrecen numerosas oportunidades para interactuar en situacións de comunicación. Situacións de comunicación que se producirían, no caso das linguas estranxeiras, en contacto con sociedades diferentes e polo tanto cos seus rasgos culturais e sociais propios, co que a materia contribúe dunha maneira notable á valoración dos elementos do patrimonio artístico francés (Conciencia e expresións culturais / Competencia social e cívica). A área de Lingua Francesa poderá, por outra parte, axudar a desenvolver a habilidade do alumnado para aprender a aprender, xa que o estudo continuado da propia área xunto cos coñecementos que ten noutras linguas, levarano a establecer mecanismos e pautas para deducir palabras ou expresións descoñecidas nunha situación de comunicación determinada. Os propios erros serán en certo modo a base da súa aprendizaxe e da paulatina mellora das habilidades comunicativas. Non podemos por outra parte atribuírle á área de Lingua Francesa a capacidade de contribuír decisivamente á competencia matemática ou a competencia en ciencia e tecnoloxía, e tampouco ao sentido de iniciativa e espírito emprendedor do

alumnado, a non ser dun modo transversal e a través de actividades puntuais, pero si o de achegalo ao mundo dixital (competencia dixital) e ao do tratamento da información a través das múltiples actividades en rede que se levarán a cabo ao longo do ano.

#### **4. A avaliación: a avaliación inicial, os procedementos e os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación para a ESO e Bacharelato.**

##### **Avaliación inicial**

En todos os cursos excepto en primeiro, o profesorado levará a cabo una pequena avaliación inicial para comprobar a vixencia dos contidos teóricamente adquiridos ata o momento polo alumnado, e de acordo con esto, poderanse plantexar determinadas tarefas para repasar o temario do ano anterior. Non obstante, cabe sinalar que o estudo dunha lingua estranxeira supón ver una e outra vez os mesmos conceptos, co que as citadas tarefas poderían omitirse, procedendo a iniciar o estudo do libro de texto. Loxicamente, o profesorado terá que valorar en función do nivel dos grupos, a pertinencia dos labores de repaso

Ao longo do curso, os alumnos estarán informados do seu progreso no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lle irán dando: corrección das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, corrección do caderno de clase (libro de exercicios) e dos traballos que se vaian propoñendo. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais e aos alumnos dos progresos destes no proceso de aprendizaxe a través da cualificación da avaliación, que se calculará de acordo coas especificacións que se recollen no párrafo seguinte, e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, ao titor de cada grupo. Ao remate do curso valorarase o rendemento académico dos alumnos, así como a súa dedicación e esforzo, mediante a cualificación final que se determinará de acordo coas especificación e criterios de cualificacións que se detallan nos puntos seguintes.

##### **Os procedementos para a avaliación**

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso dos alumnos no proceso de aprendizaxe son os especificados no punto seis para cada estándar de aprendizaxe, pero serán en calquera caso os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Producións dos alumnos:
  - Traballos individuais realizados na clase ou en casa
  - Traballos en grupo realizados na clase ou na casa.
  - Dramatizacións
  - Intercambios alumno / alumno, alumno / profesorado
  - Asambleas
  - Libro de exercicios

##### **Os instrumentos de avaliación**

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos.

a. As propias producións dos alumnos:

- Probas escritas
- Interaccións diarias
- Probas orais
- Traballos dos alumnos
- Libro de exercicios

b. O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

## Cráterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

	Apartados e Instrumentos de Avaliación	Observacións	Ponderación
A	Probas escritas obxectivas (exames)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Procurarase levar a cabo alomenos dúas probas dese tipo por trimestre, unha por cada unidade.	40%
B	Probas orais, presentacións, traballos persoais.	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Procurarase levar a cabo alomenos dúas probas dese tipo por trimestre, unha por cada unidade.	40%
C	Caderno de clase Cadro de observación e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula	Ao comezo de cada trimestre, o alumno disporá de 2 puntos iniciais que se irán reducindo cada vez que o alumno non traía os deberes, non traía o material (libro de texto e de exercicios), non faga ou non corrixa as tarefas propostas na clase, e dun modo xeral, a cada vez que o alumno non teña unha actitude adecuada na aula (conductas disruptivas, interrupcións constantes, falta de respecto...)	20%

Como se indica no recadro anterior, tanto para o apartado A coma para o B, procurarase levar a cabo alomenos dúas probas (20% + 20% da nota en cada apartado), pero de non poder cumprilo por falta de tempo ou calquera outra continxencia, so se fará unha, que suporá loxicamente por ela sola o 40% da nota.

Todo alumno que reciba máis de 5 partes de incidencia ao longo do ano por falta de orden non poderá superar a área de francés, xa que denotaría unha falta total de respecto ás normas de convivencia.

No bacharelato, os exames escritos poderán ser substituídos por traballos persoais ou presentacións.

A cualificación final da avaliación trimestral será calculada entón da seguinte maneira:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Apartado A} \times 0.4 + \text{Apartado B} \times 0.4 + \text{Apartado C} \times 0.2$$

A cualificación, tanto na ESO como no Bacharelato, expresarase en números enteiros nos boletíns de notas. Non obstante, a cualificación final das diferentes avaliacións, poderá expresarse cun decimal, co que neste caso, redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Malia todo, para ter a cualificación de aprobado, haberá que acadar un 5 sen o redondeo previo. Así, no caso de acadar unha nota de 4,7 por exemplo, non se redondeará ao 5 e a nota do boletín será un 4.

En relación á cualificación final, hai que ter en conta que a materia de francés réxese polo criterio de avaliación continua. Polo tanto, para aprobar a materia o alumno deberá necesariamente ter superada a 3ª avaliación. De haber unha progresión continua na que se demostre que o alumno foi progresando axeitadamente e que os seus resultados seguiron unha liña regular, non se terán en conta a 1ª e 2ª avaliación para a avaliación final. Porén, de observarse un desleixamento ao longo dalgunha das avaliacións, entón computaranse as tres avaliacións da seguinte maneira: 1ª avaliación: 25%, 2ª avaliación: 25%, 3ª avaliación: 50%.

Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos, sen redondeo previo.

## **5. Procedemento a seguir para a etapa entre a avaliación final de xuño e a extraordinaria**

Neste curso escolar a avaliación extraordinaria de setembro pasa ao mes de xuño, e os exames extraordinarios terán lugar concretamente o 22 dese mes. En canto á avaliación ordinaria, farase na semana do 6 de xuño, pero aínda que o alumnado avaliado nesas datas aprobe todas as asignaturas, terá a obriga de acudir ao centro igualmente, co que cabe a posibilidade de que coincidan na mesma clase entre as dúas avaliacións alumnos que teñan a área de francés aprobada, con alumnos que terían que recuperala. Así, é necesario plantexar que tipo de actividades se levarían a cabo de darse esa circunstancia.

No caso do alumnado coa asignatura aprobada, plantexaríanse tarefas de consolidación, mentres que para o resto do alumnado, traballaríanse contidos dunha natureza similar, insistindo naqueles conceptos que máis dificultades poderían representar. No caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe significativas, optaríase por tarefas de reforzo e repaso orientadas a resolver o exame escrito da avaliación extraordinaria. Poderían plantexarse así mesmo actividades nas que foran os propios alumnos os que se axudasen uns aos outros, traballando de dous en dous por exemplo, sempre dependendo das circunstancias asociadas á pandemia.

## **6. A secuencia de obxectivos e contidos para cada curso.**

### **a. Secuencia de obxectivos e contidos para o primeiro curso**

#### Obxectivos

- Comprender a información global e esencial de mensaxes orais sinxelas relacionadas coa vida de cotío e cos temas tratados na aula.
- Percibir e reproducir os elementos de pronunciación, entoación e ritmo da lingua.
- Entender e utilizar o francés como lingua de comunicación dentro da aula.
- Producir mensaxes orais e escritas sinxelas ou textos de imitación a partir de pautas.
- Dominar a estrutura básica da frase e construír pequenos textos, organizando as ideas e a información de forma coherente e comprensible.
- Organizar o propio traballo con eficacia, utilizando o material de aprendizaxe básico (libro de texto, cadros gramaticais, caderno persoal, diccionario...)
- Fomentar unha actitude favorable cara á materia, facendo participar aos alumnos de forma activa e receptiva.
- Aplicar estratexias de comprensión na comunicación oral e escrita para capta-lo sentido dunha mensaxe sin necesidade de entendelo exhaustivamente.
- Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico do idioma estranxeiro.
- Adaptarse ao traballo en grupo, respectando aos compañeiros, colaborando e asumindo con responsabilidade as tarefas que deban realizarse.
- Utilizar o vocabulario e as estruturas adecuadas segundo o tema nunha situación comunicativa concreta, tanto oral como por escrito.

## **Contidos 1º curso**

### **1º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

Comment tu t'appelles? Je m'appelle ....

Qui est-ce? / qu'est-ce que c'est? C'est un/une

Comment il / elle s'appelle? Il / elle s'appelle ...

Comment on dit? / Qu'est-ce que ça veut dire?

Qu'est-ce qu'il faut faire? Il faut...

Artigos definidos e indefinidos

Os adxectivos regulares

Presente do verbo "être", "faire", os verbos regulares

On = nous

A negación

#### **Conceptos pragmáticos / discursivos**

Saúdar e comunicar na aula

Identificar unha cousa, unha persoa

Presentarse, presentar una persoa

Describir brevemente unha persoa

Expresar gustos

Indicar unha cantidade

Negar

#### **Conceptos léxicos**

Material escolar, vocabulario da aula

As cores

Os saúdos

Os números ata o 60

Adxectivos para describir persoas

Verbos de acción

Deportes e aficións

#### **Conceptos socioculturais**

Tintin, Asterix

Xeografía de Francia

O francés e as outras linguas

O sistema escolar francés e noutros países

## **2º trimestre**

### **Conceptos lingüísticos**

O verbo “avoir”

Os adxectivos de nacionalidades

Habiter à, au, en ...

Pourquoi / parce que

Quel, quelle, quels, quelles

Combien, combien de...

Os adxectivos posesivos (1)

O imperativo

Avoir mal à la / au / aux e as partes do corpo

### **Conceptos pragmático / discursivos**

Informarse sobre a identidade / características dunha persoa ou animal

Indicar a idade, a nacionalidade

Invitar, aceptar ou declinar unha invitación

Decir e informarse da data

Expresa-la causa

Expresa-la cantidade

Contar ata 1000

Dar ordes e instrucións

Expresar sensacións e sentimentos

### **Conceptos léxicos**

Cidades, países, días da semana, nacionalidades

Os números ata o 1000

As partes do corpo

As fórmulas de cortesía

### **Conceptos socioculturais**

A mocidade en Francia e na Unión Europea

A torre Eiffel

Xeografía de Francia

## **3º trimestre**

### **Conceptos lingüísticos**

O verbo “prendre” (pres.)  
Os artigos partitivos  
Os adxectivos irregulares  
As preposicións de lugar  
Os verbos pronominais  
Sensibilización ao pasado e futuro

### **Conceptos pragmáticos / discursivos**

Facer o pedido dun almorzo  
Presentar e describir aos membros da familia  
Situarse no espazo  
Pedir e dicir a hora, expresando os diversos momentos do día  
Relatar un día completo, falar de actividades, e do tempo

### **Conceptos léxicos**

A comida  
A familia  
A roupa  
As actividades diarias e os momentos do día  
As estacións e as sensacións físicas

### **Conceptos socioculturais**

Xeografía de Francia  
Un retrato da xuventude francesa  
Os franceses e as vacacións  
Xeografía de Francia

Os conceptos fonéticos propiamente ditos traballaranse a partir dos materiais didácticos e das situacións de comunicación plantexadas aos alumnos e non se levará a cabo un estudo dos mesmos dunha maneira sistemática e estruturada.

### **Actitudes**

As actitudes son fundamentais para poder levar a cabo as actividades con éxito. Pídeselle ao alumnado unha actitude positiva e respectuosa, que aborde o estudo e as actividades plantexadas con interese e que colabore ordenadamente nas tarefas de grupo. As actividades orais de interacción entre o alumnado e o profesor serán constantes ao longo do ano, polo que é importante que este participe activamente nas mesmas perdendo a vergoña e certo sentido do ridículo que poida eventualmente sentir ao tratar de expresarse nun idioma que non lle resulta familiar. Así mesmo, o alumnado deberá valorar o coñecemento das linguas estranxeiras como instrumento para a comunicación intercultural. Ningún alumno será avaliado de forma positiva se non acata os contidos actitudinais.

## b. Secuencia de obxectivos e contidos para o 2º curso

### Obxectivos

- Comprender a información global e esencial de mensaxes orais sinxelas relacionadas coa vida de cotío e cos temas tratados na aula.
- Percibir e reproducir os elementos de pronunciación, entoación e ritmo da lingua.
- Entender e utiliza-lo francés como lingua de comunicación dentro da aula.
- Producir mensaxes escritas sinxelas ou textos de imitación a partir de pautas.
- Dominar a estrutura básica da frase e construír pequenos textos, organizando as ideas e a información de forma coherente e comprensible.
- Organizar o propio traballo con eficacia, utilizando o material de aprendizaxe básico (libro de texto, cadros gramaticais, caderno persoal, diccionario...)
- Fomentar unha actitude favorable cara á materia, facendo participar aos alumnos de forma activa e receptiva.
- Aplicar estratexias de comprensión na comunicación oral e escrita para capta-lo sentido dunha mensaxe sin necesidade de entendelo exhaustivamente.
- Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico do idioma estranxeiro.
- Adaptarse ao traballo en grupo, respectando aos compañeiros, colaborando e asumindo con responsabilidade as tarefas que deban realizarse.
- Utilizar o vocabulario e as estruturas adecuadas segundo o tema nunha situación comunicativa concreta, tanto oral como por escrito.

### Contidos 2º curso

#### 1º trimestre

#### Conceptos lingüísticos

Reactivación dos coñecementos adquiridos

As preposicións de lugar

Jouer	à	/	faire	du	/	jouer	d'un	...
Avoir	mal		à,	au,		aux,	à	l'
Moi	aussi	/		moi		non		plus
Aller			à,	au,		aux,	à	l'
Venir	du,		de	la,		de	l',	des

O futuro próximo

#### Conceptos pragmáticos / discursivos

Comunicar na clase

Situar no espacio

Falar das súas actividades e lecer

Falar de proxectos inmediatos

Expresar sensacións

Indicar a pertenza

Indicar un itinerario

Aceptar, refusar

## **Conceptos léxicos**

Expresións útiles para a clase

Roupa e cores

O lecer

As sensacións (fame, sono, medo...)

Adxectivos para a descripción

As sensacións

A cidade

As profesións

## **Conceptos socioculturais**

A Unión Europea

## **2º trimestre**

### **Conceptos lingüísticos**

Adxectivos posesivos

Je voudrais...

Os pronomes complementos co imperativo A  
cantidade

As preposicións de lugar

Introducción ao pasado composto

### **Conceptos pragmáticos / discursivos**

Invitara alguén, aceptar, refusar unha invitación

Expresar a posesión

Mercar nun comercio

Explicar unha receita de cociña

Falar da súa casa, os obxectos persoais

Contar acontecementos en pasado

## **Conceptos léxicos**

Comprar e comercios

Os alimentos

As receitas

A casa, os mobles

Expresións de lugar

## **Conceptos socioculturais**

Festas tradicionais en

Francia

### **3º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

O pronome "en"  
O pasado composto  
O comparativo e o superlativo O  
futuro simple  
Verbos irregulares  
Os pronomes COD

#### **Conceptos pragmáticos / discursivos**

Facer un pedido nun restaurante  
Falar dos seus hábitos, da súa alimentación  
Contar anécdotas en pasado  
Falar do tempo, as estacións  
Informarse e dar informacións sobre animais  
Comparar  
Falar do futuro

#### **Conceptos léxicos**

Poñer a mesa  
Expresións de tempo  
Os alimentos  
As estacións e a meteoroloxía  
Os animais  
Expresións de tempo en futuro

#### **Conceptos socioculturais**

Literatura e cine

Os conceptos fonéticos propiamente ditos traballaranse a partir dos materiais didácticos e das situacións de comunicación plantexadas aos alumnos e non se levará a cabo un estudo dos mesmos dunha maneira sistemática e estruturada.

#### **Actitudes**

As actitudes son fundamentais para poder levar a cabo as actividades con éxito. Pídeselle ao alumnado unha actitude positiva e respectuosa, que aborde o estudo e as actividades plantexadas con interese e que colabore ordenadamente nas tarefas de grupo. As actividades orais de interacción entre o alumnado e o profesor serán constantes ao longo do ano, polo que é importante que este participe activamente nas mesmas perdendo a vergoña e certo sentido do ridículo que poida eventualmente sentir ao tratar de expresarse nun idioma que lles resulta pouco familiar. Así mesmo, o alumnado deberá valorar o coñecemento das linguas estranxeiras como instrumento para a comunicación intercultural.

Ningún alumno será avaliado de forma positiva se non acata os contidos actitudinais.

### **c. Secuencia de obxectivos e contidos para o 3º curso**

#### **Obxectivos**

- Comprender a información global e específica de mensaxes orais emitidas en situacións de comunicación claramente definidas, ligadas a áreas léxicas previamente traballadas.
- Comprender a información global e específica de textos escritos auténticos ou simplificados que presenten interese para os alumnos e que conteñan elementos léxicos e lingüísticos coñecidos.
- Aceptar e utiliza-la lingua estranxeira como lingua de comunicación durante o desenvolvemento da clase.
- Ler de forma comprensiva e autónoma textos sinxelos adecuados ás súas capacidades e aos seus intereses.
- Producir mensaxes escritas sinxelas e coherentes, respectando as regras básicas do código escrito.
- Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico para un usos creativo do idioma.
- Recoñecer a importancia dos idiomas estranxeiros nunha sociedade cada vez máis intercomunicada.
- Manter unha actitude receptiva e crítica fronte á información cultural que emana da sociedade francesa.
- Respetar as opinións e producións dos demais compañeiros.

Comparar aspectos específicos da lingua estranxeira con outros idiomas coñecidos.

#### **Contidos do 3º curso**

##### **1º trimestre**

##### **Conceptos lingüísticos**

Repaso dos conceptos dos dous primeiros anos O

passé composé

A obriga, il faut, devoir

Os pronomes tónicos

Verbos do 3º grupo

O pronome "y"

##### **Conceptos pragmáticos / discursivos**

Repaso: Comunicar na aula, pedir, dar a súa opinión, Expresar gustos, caracterizar persoas, expresar sentimentos, sensacións, emocións.

Contar acontecementos en pasado

Expresar a obriga

Suliñar quen realiza a acción

### **Conceptos léxicos**

A opinión

Adxectivos

A cidade e a vida cotidiana

As tarefas do fogar

As sensacións

### **Conceptos socioculturais**

Os transportes

Cantantes franceses (F. Cabrel, P. Kass)

### **2ºtrimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

O imperfecto e o pasado composto O

futuro, simple e próximo

O pasado recente

A negación nos tempos compostos

Outras negacións

#### **Conceptos pragmáticos / discursivos**

Facer un relato en pasado

Descibir unha persoa imaxinaria

Contar lembranzas da infancia

Falar do futuro

Falar dos seus gustos musicais

Expresar a frecuencia

Describir detalladamente

### **Conceptos léxicos**

As partes do corpo

Xogos, lecer, deportes

Os signos do zodíaco

Expresións de tempo

Expresións coloquiais

### **Conceptos socioculturais**

Os xogos olímpicos na antigüidade

Francis Cabrel, la corrida

### **3º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

Les différents moments de l'action: "Être en train de, être sur le point de, venir de + infinitif

Pronoms personnels COI

La quantité: Trop, peu, assez, beaucoup

Nombres ordinaux et cardinaux

#### **Conceptos léxicos**

Os deportes

Linguaxe formal, informal

O aloxamento

## **Conceptos socioculturais**

Cantantes franceses (Piaf, P. Kass, Brassens, C. Bruni...)

Algúns poetas e escritores franceses: Molière, A. Dumas, J. Prévert

Os conceptos fonéticos propiamente ditos traballaranse a partir dos materiais didácticos e das situacións de comunicación plantexadas aos alumnos e non se levará a cabo un estudo dos mesmos dun xeito sistemático.

## **Actitudes**

As actitudes son fundamentais para poder levar a cabo as actividades con éxito. Pídeselle ao alumnado unha actitude positiva e respectuosa, que aborde o estudo e as actividades plantexadas con interese e que colabore ordenadamente nas tarefas de grupo. As actividades orais de interacción entre o alumnado e o profesor serán constantes ao longo do ano, polo que é importante que este participe activamente nas mesmas. Así mesmo, o alumnado deberá valoralo coñecemento das linguas estranxeiras como instrumento para a comunicación intercultural. Ningún alumno será avaliado de forma positiva se non acata os contidos actitudinais.

### **d. Secuencia de obxectivos e contidos para o 4º curso Obxectivos**

Reforzar os coñecementos adquiridos en anos anteriores.

Comprender a información global e específica de mensaxes orais relativas ás situacións de comunicación máis habituais, atendendo ao ritmo e á entoación, así como aos elementos da situación de comunicación como portadores de significado.

Comprender a información global e específica de textos escritos procedentes de diversas fontes.

Aceptar e utilizar a lingua estranxeira usando recursos lingüísticos e non lingüísticos para satisfacer as necesidades máis básicas de comunicación en situacións creadas na aula.

Ler de forma autónoma textos de mediana extensión.

Producir textos escritos curtos e coherentes cunha finalidade concreta, respetando as regras de concordancia do código escrito.

Reflexionar sobre as regras do uso do sistema da lingua estranxeira co fin de disminuir os erros, tanto na produción como na comprensión oral e escrita.

Valorar o coñecemento da lingua estranxeira como instrumento de axuda potencial en intercambios persoais, académicos ou profesionais.

Manter unha actitude receptiva e crítica cara á información cultural que a lingua estranxeira transmite.

Comparar aspectos específicos da lingua estranxeira con outros idiomas coñecidos, co fin de establecer analogías, comparacións e contrastes, que melloren a súa aprendizaxe.

Coñecer aspectos relevantes da historia e da cultura francesa a través de persoeiros significativos no ámbito cultural francés.

### **Contidos 4º curso**

#### **1º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

Repaso dos principais conceptos lingüísticos teoricamente adquiridos, dende os artigos aos tempos verbais.

O presente, o pasado composto, o imperfecto

Os pronomes relativos

Os adxectivos demostrativos e os pronomes tónicos

Os pronomes posesivos

### **Conceptos pragmáticos / discursivos**

Contar unha viaxe  
Caracterizar algo dun modo detallado  
Constuir un relato en pasado  
Falar do seu carácter

### **Conceptos léxicos**

Os transportes, as cidades e os países

Os rasgos de carácter  
As emocións, as sensacións

### **Conceptos socioculturais**

Interrail  
La Fontaine  
Escritores franceses (E. Zola, A. Camus...)  
Algúns conceptos da historia de Francia

### **2º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

A interrogación e os pronomes interrogativos  
Os diferentes momentos da acción  
C'est moi qui, c'est lui qui ...  
A restricción (ne ..... que); outras negacións  
A obriga e a prohibición

#### **Conceptos pragmáticos discursivos**

Expresar a obriga, o desexo, a dúbida e a prohibición  
Expresar a restricción  
Informarse, facer preguntas  
Falar de vantaxes e inconvenientes  
Protestar  
Describir os diferentes momentos da acción  
Facer hipóteses  
Dar consellos

#### **Conceptos léxicos**

A meteoroloxía  
As profesións  
O entorno e a ecoloxía  
As tarefas do fogar  
A vida de cotío

#### **Conceptos socioculturais**

Algúns cantautores franceses (Brel, Brassens, Cabrel, Gainsbourg.. .)

Personalidades do mundo da cultura, escritores, pintores, actores...

Historia de Francia

### **3º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

O pluscuamperfecto  
A expresión da causa

O condicional  
O desexo  
Introducción ao subxuntivo

#### **Conceptos pragmáticos discursivos**

Descibir unha persoa dun xeito detallado  
Indicar unha acción anterior a outra no pasado Expresar a causa  
Descibir un obxecto  
Negociar un prezo  
Falar de feitos hipotéticos  
Expresar unha solicitude  
Expresar o obxectivo, o desexo

#### **Conceptos léxicos**

Os adxectivos para a descrición  
As características dos obxectos  
A psicoloxía

#### **Conceptos socioculturais**

Dous grandes detectives da literatura: Maigret e Poirot  
  
Cantautores franceses (Cabrel, Brel, Gainsbourg, Lenormand...)  
  
Historia de Francia

#### Actitudes

As actitudes son fundamentais para poder levar a cabo as actividades con éxito. Pídeselle ó alumnado unha actitude positiva e respectuosa, que aborde o estudo e as actividades plantexadas con interese e que colabore ordenadamente nas tarefas de grupo. Así mesmo, o alumnado deberá valorar o coñecemento das linguas estranxeiras como instrumento para a comunicación intercultural. Ningún alumno será avaliado de forma positiva se non acata os contidos actitudinais.

Nos grupos de 3º e 4º, cabe a posibilidade de levar a cabo a lectura dunha obra adaptada dalgún escritor francés célebre aínda por determinar. Tamén se poderían ver extractos de películas clásicas para traballar determinados conceptos lingüísticos, ou temas socioculturais particularmente relevantes, contribuíndo á transversalidade entre as diferentes asignaturas.

#### **e. Secuencia de obxectivos e contidos para 1º de bacharelato**

- Extraer a información global específica de textos orais emitidos en situación de comunicación cara a cara sobre temas relacionados coa realidade de cotío dos alumnos e aspectos culturais e sociais dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

- Identificar o tema e a información global de textos orais breves co apoio visual, emitido polos medios de comunicación sobre cuestións xerais de actualidade e aspectos das culturas asociadas coa lingua estranxeira.
- Participar activamente en conversas improvisadas sobre temas de interese para o alumno e exposicións preparadas previamente relacionadas con outras áreas del currículo o con aspectos sociais e culturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, utilizando as estratexias de comunicación e o tipo de discurso adecuado á situación.
  - Extraer a información global e os detalles máis relevantes de textos escritos sinxelos de diferentes tipos, relacionados coas outras materias do currículo ou referidos á actualidade, extraídos de xornais, revistas, libros de divulgación, e dirigidos, ao público xeral. sendo capaz de predecir significados co apoio do contexto e dos seus coñecementos doutras linguas.
  - Ler coa axuda do dicionario versións orixinais de relatos ou novelas breves, relacionados cos intereses do alumnado e demostrar a comprensión cunha tarefa específica
  - Redactar textos de distintos tipos, adecuados a unha situación, un propósito comunicativo e un tipo de lector concretos, coa fluidez, corrección, cohesión e coherencia interna suficientes para que ao lector non se lle presenten problemas de comprensión
  - Utilizar os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos, como instrumentos de control e corrección das producións propias e das de outros
  - Utilizar as estratexias de aprendizaxe adquiridas tales como consulta de dicionarios, gramáticas, gravacións e outras fontes, coa axuda do profesor e outros compañeros, para a resolución de novos problemas plantexados pola comunicación ou a profundización na aprendizaxe do sistema lingüístico e do medio sociocultural
  - Contrastar as manifestacións culturais que aparecen en textos abordados na lingua estranxeira coas correspondentes da propia cultura.

## **Contidos 1º Bac**

### **Contidos 1º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

Repaso dos conceptos gramaticais teóricamente adquiridos

Le passé composé et l'imparfait

Le passé récent

L'expression de la durée

Les adjectifs et les pronoms indéfinis "rien", "personne", "aucun"

Les verbes "dire", "courir", "mourir"

Les pronoms démonstratifs neutres

Le futur simple

Situer dans le temps

“Moi aussi”, “moi non plus”, “moi non”, “moi si”

Les verbes impersonnels

Les verbes “croire”, “suivre”, et “pleuvoir”

### **Conceptos pragmáticos discursivos**

O relato en pasado

Expresar o medo, tranquilizar

Expresar a opinión

Falar do tempo

Falar do futuro

### **Conceptos léxicos**

O corpo humano (interior e exterior)

As enfermidades e os remedios

Os accidentes e as catástrofes naturais O

sistema escolare

As formalidades para viaxar ao estranxeiro A

meteoroloxía

### **Conceptos socioculturais**

A francofonía

A xeografía francesa

Cantautores franceses (Brel, Cabrel, Brassens, Bruni, Piaf)

Jacques Prévert

Persoeiros relevantes da cultura

### **Contidos 2º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

Le conditionnel présent

La phrase exclamative

Les pronoms relatifs “dont” et “où”

L'adjectif et le pronom indéfini "autre"

La nominalisation

Les verbes "conclure" et "résoudre"

Le conditionnel passé

Le plus-que-parfait

Le futur antérieur

Le superlatif

Expresar sentimientos positivos

Dar consellos

Expresar o lamento, sentimentos negativos

### **Conceptos léxicos**

Os medios de comunicacións

As interxeccións e as exclamacións

### **Conceptos socioculturais**

Os medios de comunicación

A ecoloxía, a biodiversidade

Cantautores franceses (Brel, Cabrel, Brassens...)

Persoeiros históricos relevantes

### **Contidos 3º trimestre**

#### **Conceptos lingüísticos**

Les pronoms interrogatifs invariables

Les doubles pronoms

Le discours indirecta au présent

L'interrogation indirecte au présent

Les verbes s'asseoir, (con)vaincre et plaire

#### **Conceptos pragmáticos discursivos**

A articulación do discurso

Interactuar

### **Conceptos léxicos**

Os sentimentos

O mundo do traballos

### **Conceptos socioculturais**

Escritores franceses célebres

Persoeiros do mundo do cine

Persoeiros históricos

A entrevista radiofónica

No bacharelato, poderase ler algún libro dun escritor clásico adaptado aínda por determinar. Tamén se poderán ver extractos de películas clásicas para traballar determinados conceptos lingüísticos ou para ver elementos socioculturais relevantes da historia de Francia, contribuíndo dese xeito á transversalidade entre as diferentes asignaturas.

**6. Os estándares de aprendizaxe por cursos e por trimestres. O grao mínimo para superar a área, os instrumentos e os procedementos de avaliación.**

## TEMPORALIZACIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

<b>CURSO</b>	Francés		
<b>NIVEL</b>	1º SECUNDARIA OBLIGATORIA	<b>ÁREA</b>	Segunda lingua estranxeira (SLE)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área  Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación /  Procedementos de avaliación	
SLE-B1.1	1º-SLEB1.1 - Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Entrevista. Xogos de simulación e dramáticos. Cuestionarios.</p>	CCL, CD, CAA, CCEC

Bloque 1: Comprensión de textos orais							
SLE-B1.2	1º-SLEB1.2 - Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.	Segue instrucións e consignas de aula sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. Cuestionario aberto. Entrevista.</p>	CCL CAA CECC
SLE-B1.3	1º-SLEB1.3 - Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas,	Comprende o sentido global de textos orais breves con estruturas previamente traballadas, léxico común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes do profesor, de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Entrevista. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CECC CD

	<p>procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>						
SLE-B1.4	<p>1º-SLEB1.4 - Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas, que traten sobre temas familiares, como por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, os gustos ou a descrición moi básica dunha persoa.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>	<p>CCL CAA CECC CD</p>

Bloque 2: Producción de textos orais							
SLE-B2.1	1º-SLEB2.1 - Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL CD CAA CCEC
SLE-B2.2	1º-SLEB2.2 - Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel	Fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Entrevista. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CCEC CD

	escolar.						
SLE-B2.3	1º-SLEB2.3 - Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Entrevista. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CCEC CD
SLE-B2.4	1º-SLEB2.4 - Participa	Participa en conversas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos	CCL CAA

	<p>en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos e fai invitacións elementais.</p>				<p>alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>	<p>CCEC</p>
<p>SLE-B2.4</p>	<p>1º-SLEB2.5 - Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa</p>	<p>Preséntase, dá e obtén información básica sobre si mesmo/a, sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns en conversas moi básicas sobre temas predicibles e xa traballados en clase, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Cuestionario aberto. Proba obxectiva. Rúbrica.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>

	interlocutora para entender e facerse entender.						
Bloque 3: Comprensión de textos escritos							
SLE-B3.1	1º-SLEB3.1 - Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	Comprende textos adaptados relativos a temas do seu interese.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL CAA CCEC CD
